RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA A INCORPORACIÓN DAS DETERMINACIÓNS CORRESPONDENTES Á DECLARACIÓN COMO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL (ENIL) DAS ILLAS DE SAN PEDRO, NO CONCELLO DA CORUÑA

Promotor e órgano substantivo: Concello da Coruña
Expediente: 2021AAE2630

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

1. O concello da Coruña dispón na actualidade dun Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 25.02.2013, logo de ser sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.
2. O 29.11.2021 recibiuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello da Coruña no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal para a incorporación das determinacións correspondentes á declaración como espazo natural de interese local (ENIL) das Illas de San Pedro da Coruña" (en diante MP). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento.
3. O día 01.12.2021 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos a través do portal web e consultou ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas para que, no prazo de trinta días hábiles, formulasen as observacións e suxestións que considerasen oportunas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
2. O artigo 46.2.a) da LSG sinala que deben someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica as modificacións menores do planeamento xeral de ordenación municipal.
3. A LSG establece tamén que o órgano ambiental, antes de emitir o informe ambiental estratéxico, consultará ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas; estas deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

CVE: kZMtzjO1V1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Ámbito de actuación e principais características ambientais

Ámbito de actuación: coincide co ámbito do espazo natural de interese local[1] (ENIL) "Illas de San Pedro", declarado definitivamente mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 07.04.2020 (DOG do 28.04.2020).



O PXOM en vigor clasifica o solo das Illas de San Pedro como rústico de especial protección, incluído nas categorías de costas, de paisaxe e de espazos naturais, pero non define o réxime de solo rústico de protección de espazos naturais.

O plan de conservación do ENIL foi aprobado mediante Decreto 62/2020, do 8 de abril (DOG do 28.04.2020). A disposición adicional deste Decreto establece que se debe revisar o PXOM para adaptar os aspectos incompatibles co plan aprobado; en particular, indica a necesidade de recoller a definición do réxime de usos aplicable ao solo rústico de especial protección de espazos naturais nos artigos 3.4.1 e 3.1.1.c), así como os usos admisibles conforme se regulan no artigo 34.2.f) da LSG.

Superficie: 13 ha

Características ambientais da área probablemente afectada:

As Illas de San Pedro emprázanse na comarca paisaxística Arco Bergantiñán e a carón da cidade da Coruña, fronte ao lugar do Portiño, na contorna do Monte de San Pedro. Trátase dun espazo que alberga importantes valores paisaxísticos e ecolóxicos.

1 Os espazos naturais de interese local non se consideran incluídos na Rede galega de espazos protexidos (artigo 29.4 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia).

CVE: kZMtzjO1V1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Os illotes son de natureza granítica, cuxos baixos poden emerxer na baixamar, e forman parte da rasa costeira duns 8 km de largo que percorre a provincia da Coruña de NE a SW. A superficie máis alta da Illa do Vendaval está dominada por *Matricaria maritima subsp. maritima* e nas zonas rochosas atópamos *Armeria pubigera*, endemismo de interese pola súa limitada distribución no noroeste ibérico, e *Rumex acetosa subsp. biformis*. Tamén abundan algunhas especies ruderais. Dentro da avifauna destaca o falcón peregrino (*Falco peregrinus*), o furabuchos do Atlántico (*Puffinus puffinus*) e o arao dos cons (*Uria aalge*); mención especial merecen sete parellas de corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*) e a gabita (*Haematopus ostralegus*).

No que se refire aos valores etnográficos, no ámbito territorial deste espazo atopamos os restos dunha antiga cetaria abandonada, un pequeno embarcadoiro e vestixios dun muro na illa do Vendaval. Cómpre mencionar tamén que o contorno mariño que rodea as Illas ten interese pesqueiro e marisqueiro.

Estas Illas están integradas no ámbito de aplicación do Plan de ordenación do litoral (POL), na unidade da paisaxe *Costa de San Pedro*, dentro da área continua de protección costeira e do espazo de interese paisaxístico *Monte e Illas de San Pedro*.

2. Características da modificación puntual do PXOM

Obxecto: Realizar as modificacións necesarias no Plan xeral vixente para incorporar as determinacións que derivan da declaración do ENIL *Illas de San Pedro* e do Plan de conservación aprobado.

Proposta: Modifícanse os artigos 3.1.1, 3.4.1 e 3.4.7 da normativa urbanística e inclúese un novo artigo 3.4.17, para recoller a categoría de *Solo rústico de protección de espazos naturais* así como a súa definición e condicións dos usos atendendo ao disposto na LSG. Modifícanse tamén dúas follas do plano de ordenación O4-Solo rústico.

3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe ambiental estratéxico:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Natural		x

Asemade, o borrador da MP mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiron comentarios.

O promotor deberá considerar na elaboración da MP as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas, e para elo achéganse os textos íntegros recibidos. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas.

CVE: kZMtzjO1V1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

A adecuación ao POL da modificación puntual queda garantida, posto que o contido da dita modificación non é outro que introducir no PXOM a regulación derivada do citado Plan de conservación.

As condicións de uso serán as correspondentes á categoría do solo rústico segundo o establecido nos artigos 35 e 36 da LSG.

O proxecto de modificación que se tramite ao abeiro do artigo 60 da LSG incluirá as determinacións e documentación establecidas na LSG e no RLSG, e axustarase á regulacións das normas técnicas de planeamento de Galicia.

Instituto de Estudos do Territorio:

Os efectos sobre a paisaxe que cabe esperar da modificación puntual poden ser positivos, toda vez que non modifica as condicións establecidas no réxime urbanístico e que establece unha maior protección para un espazo natural de gran valor panorámico.

En relación co disposto no artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, e tendo en conta a entidade e alcance da modificación, pode considerarse suficiente o contido do documento ambiental estratéxico e da memoria xustificativa.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con esta modificación do plan xeral preténdese incorporar as determinacións que derivan da declaración do espazo natural de interese local (ENIL) *Illas de San Pedro* e do seu Plan de conservación.

O plan non establece un marco para a futura autorización de proxectos. Non inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental. A adecuación ao POL queda garantida, posto que a proposta de planeamento limítase a introducir no PXOM a regulación que deriva do Plan de conservación do ENIL xa aprobado.

A regulación de usos no espazo atende ao que a lexislación urbanística vixente establece para o solo rústico.

Non se agardan efectos ambientais significativos adversos.

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a "Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal para a incorporación das determinacións correspondentes á declaración como espazo natural de interese local (ENIL) das Illas de San Pedro da Coruña".

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

CVE: kZMtzjO1V1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a "Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal para a incorporación das determinacións correspondentes á declaración como espazo natural de interese local (ENIL) das Illas de San Pedro da Coruña", posto que non se prevén efectos ambientais adversos significativos.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave), e remitirase ao Concello da Coruña xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o Plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do planeamento (artigo 31.5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Asinado por: CAMIÑO SOTO, JUAN MANUEL
Cargo: Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental
Data e hora: 01/02/2022 12:48:55

Asinado por: PAZ CORNES, MARIA CARMEN
Cargo: Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans
Data e hora: 31/01/2022 15:35:33

Asinado por: PEREZ CASTELLANOS, SAGRARIO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 04/02/2022 14:28:39

CVE: kZMtzjO1V1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve